Ref.- jpd
2495

INFORME DE SOSTIBILIDADE FINANCEIRA

SECCIÓN: CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE – AUGAS DE GALICIA	***DATA ENTRADA***: 27/07/2021
NORMA/PLAN: LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA	
OBXECTO: O obxecto desta lei é o establecemento dun marco normativo que regule a política da xestión do ciclo integral da auga na Comunidade Autónoma de Galicia.	
DATA RECEPCIÓN DA ÚLTIMA MEMORIA ECONÓMICA: 23/12/2021	

PLANIFICACIÓN E EXTRATEXIA

O anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga e as actuacións previstas no seu desenvolvemento son coherentes co Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Ademais as actuacións previstas no dito Plan son coherentes con algúns Obxectivos Estratéxicos que se están deseñando para o novo Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030, actualmente en fase de elaboración.

Os indicadores de produtividade asociados a estas actuacións serán os correspondentes ao dito obxectivo estratéxico e aos que se inclúan nos obxectivos Estratéxicos do PEG 2021-2030.

Contidos que supoñen custo

Servizos de depuración:

Na actualidade o custo medio estimado da depuración é de 12.067.417 €/ano.

A estimación do custo anual no primeiro exercicio de vixencia da nova lei é de 12.426.103€.

Servizos de abastecemento:

Na actualidade o custo medio estimado dos servicios de abastecemento é de 904.646 €/ano.

A estimación do custo anual no primeiro exercicio de vixencia da nova lei é de 2.307.016€.

Servizos de saneamento (redes de colectores):

A estimación do custo anual no primeiro exercicio de vixencia da nova lei é de 6.213.051€.

CVE: GwzSnCOAZ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Polo que a estimación do incremento dos gastos relacionados con estes servizos no primeiro exercicio de vixencia da nova norma é de **7.974.107€,** xa que ao estar afectados os ingresos totais derivados dos novos canon, os mesmos teñen que dedicarse ao financiamento dos gastos de explotación, conservación, mantemento e mellora das infraestruturas por cuxa xestión se recada.

Financiamento dos mesmos

Servizos de depuración:

Na actualidade os ingresos medios obtidos por Augas de Galicia a través do coeficiente de vertido en relación cos servizos de depuración prestados son 5.926.966€/ano

A estimación da recadación xerada polo novo canon de xestión de depuradoras no primeiro exercicio de vixencia da nova norma é de 12.426.103€

Servizos de abastecemento:

Na actualidade os ingresos medios actuais derivados do desenvolvemento da prestación de servizos de abastecemento son 795.172 €/ano.

A estimación da recadación xerada polo novo canon de xestión de abastecementos é de 2.307.016€

Servizos de saneamento (redes de colectores):

A estimación da recadación xerada polo novo canon de xestión de redes colectores é de 6.213.051€

Polo que a estimación do incremento dos ingresos relacionados con estes servizos no primeiro exercicio de vixencia da nova norma é de **14.224.032€**

Por outra parte, as modificacións incluídas na norma reguladora do Canon do auga, co fin de gravar as perdas de auga en redes de abastecementos cando supoña máis do 20% da auga captada e co obxectivo de incorporar dentro do uso especial de produción hidroeléctrica os bombeos de auga desde o dominio público hidráulico, estímanse que suporán un incremento da recadación de **973.254€**

CVE: GwzSnCOAZ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Ref.- jpd
2495

Análise dos instrumentos financeiros de ingresos
Esta lei derroga o coeficiente de vertedura e crea tres novos tributos coa natureza de taxas: • Canon de xestión de depuradoras • Canon de xestión de redes de colectores. • Canon de xestión de abastecementos. Nos artigos 31, 49 e 72 do anteproxecto de lei establécese a afectación da recadación xerada polos ditos canon será destinada á financiación dos gastos de explotación, conservación, mantemento e mellora das infraestruturas por cuxa xestión se recada. Na memoria económica xustifícase o establecemento da dita afectación. E nos artigos 30.4, 48.4 e 71.4 establécese que os tipos de gravame dos canon actualizaranse periodicamente co fin de que os ingresos e os gastos estean equilibrados. O resto da regulación axústase ao establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e considéranse o instrumento financeiro axeitado.

Fundamento normativo:
Artigo 42.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
Artigo 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORME: **Favorable**, por ter encaixe nos escenarios orzamentarios vixentes, e tendo en conta o contido do informe emitido pola Atriga de data 13.08.2021 no que indican determinadas apreciacións ao respecto de dita lei.

A directora xeral de Planificación e Orzamentos
Almudena Chacón Pichel

Asinado por: CHACON PICHEL, ALMUDENA
Cargo: Directora Xeral de Planificación e Orzamentos
Data e hora: 24/12/2021 09:26:58

CVE: GwzSnCOAZ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve